

PLAN CONTINXENCIA

CEIP VICENTE RISCO (CUALEDRO)



CURSO 2020/2021

Versión 08 de novembro de 2020

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO.....	2
3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL...	5
4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.....	11
ANEXO I: PLAN ENSINO VIRTUAL.....	20

1. INTRODUCCIÓN.

Mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de xuño de 2020 adoptáronse medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID- 19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Conforme o punto sexto do dito Acordo, as medidas preventivas previstas nel deben ser obxecto de seguimento e avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á evolución da situación epidemiolóxica e sanitaria.

O Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21 (<https://www.edu.xunta.gal/portal/medidas-coronavirus>) establece que a suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

Entre outras medidas para os centros educativos establece medidas de carácter organizativo, entre as que está a elaboración dun “Plan de Continxencia” que será aprobado pola dirección do centro, de conformidade coas previsións do modelo que figura no Anexo VI no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

Tal como se establece no apartado 10.5 referido a o establecido no protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21, o noso centro presenta o plan de continxencia.

O plan de continxencia do **CEIP Vicente Risco** ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun grupo aula, nunha etapa educativa ou en todo o centro.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO.

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes ou persoal non docente que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19. Ten que ser un compromiso de todos os membros da comunidade educativa do centro de facer a autoenquisa de autoavaliación clínica do covid que se integra no plan de actuación como anexo I. No caso de supostos sospeitoso, debe comunicarse ao centro e seguir os pasos que se reflexan no plan de adaptación a situación COVID 19 no curso 2020-21 do noso centro

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID -19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a aula de illamento (situada no primeiro andar) ata a recollida por parte da familia. O **protocolo a seguir** será o seguinte:

➤ Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

➤ A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

- Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
- De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade

de que non houbera dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

➤ **Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía** compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

➤ O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

➤ Unha vez libre este espazo illarase o contedor onde se depositaron os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa será extraída e depositada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

3. A continuación hai que chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (Centro de Saúde Cualedro), ou ao teléfono de referencia do SERGAS, e seguiranse as súas instrucións.

❖ No caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

❖ **O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.**

4. **No suposto de aparición dun caso, ou dunha sospeita de coronavirus no noso centro tanto sexa alumnado, profesorado ou persoal do CEIP Vicente Risco (Cualedro) o director (como coordinador do equipo COVID-19) a petición dos servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as**

afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A **familia** dun neno ou nena, **que teña sospeita de contaxio**, deberá **solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe** a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto de forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. **A autoridade sanitaria**, en coordinación coa Consellería de Educación **determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena**, o que se comunicará ao Equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. **A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios**, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade cos seguintes **supostos**:

❖ A **aparición dun único caso confirmado nunha aula** poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.

❖ Cando exista unha **detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días** poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou de ser o caso da totalidade do centro educativo.

8. A **aparición dun contaxio sospeitoso** con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a **obriga de entrada**

en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena tamén de 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de **contacto estreito** de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.

9. **A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na Resolución conxunta, do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 e na Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.** Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente plan relativas ao ensino a distancia.

11. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación en 4 fases para o reinicio da actividade lectiva seguindo as instrucións da Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade aumentando semanalmente a porcentaxe de alumnado na aula de forma simultánea.

3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

Seguindo o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 (Anexo I)

(Versión 2 novembro 2020)

1. O centro educativo establecerá as medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo de xeito non presencial segundo o establecido neste Plan de Continxencia.
2. Para garantir a continuidade, o centro establecerá unha planificación horaria de traballo do profesorado do grupo co alumnado que reflicta o establecido no modo presencial de xeito que se manteña o vínculo co alumnado do xeito máis coherente posible tendo en conta o medio virtual no que se desenvolve, de acordo co previsto na *Resolución do 2 de novembro de 2020, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2020-2021 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19.*
3. Os centros realizarán de xeito inmediato e periodicamente simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche. Neste proceso contarán coa apoio dos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado e da inspección educativa.
4. Os centros comunicarán as familias a concreción do protocolo en caso de peche para que sexa coñecido e podan contribuír ao proceso educativo.
5. A concreción das necesidades de recursos para o ensino a distancia derivadas dunha situación de peche manterase debidamente actualizada en coordinación coa inspección educativa.

6. Para garantir o proceso, o profesorado que precise de formación básica necesaria deberá realizar de xeito inmediato unha formación facilitada polo propio centro educativo ou polos servizos da Rede de Formación Permanente do Profesorado. Esta formación constitúe un dereito e unha obriga do profesorado, de acordo co establecido no artigo 102 da Lei Orgánica de Educación..
7. As tarefas para o alumnado asemellaranse o máis posible ao sistema presencial respectando seu dereito ao lecer e ao descanso.
8. O alumnado é titular dos mesmos dereitos e deberes no ensino non presencial, e, polo tanto, está obrigado participar nas clases non presenciais con aproveitamento e sometido ás mesmas normas de convivencia independentemente da situación de peche ou confinamento.
9. Durante o peche ou confinamento, sempre de acordo coas indicacións sanitarias derivadas da evolución epidemiolóxica, o profesorado poderá seguir o proceso educativo no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
10. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas institucionais tales como as aulas virtuais, Webex, etc.. O profesorado realizará o seguimento do alumnado, impartirá os contidos da materia de xeito virtual e poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
11. Cando durante o peche ou confinamento parte do profesorado afectado se atope de baixa será o equipo docente (departamento, equipos de ciclo, etc) co apoio da persoa Coordinadora TIC /EDixgal quen dispoña provisionalmente de recursos formativos ao alumnado ata a incorporación de persoal de substitución ou a alta do/a docente. Poderá contarse, para este labor, co apoio das asesorías do Centros de Formación e Recursos (CFR) correspondente.

12. O mesmo día do peche:

a. A dirección do centro enviará unha comunicación a través de abalarMóbil/Whatsapp e publicará unha nova na web do centro. Os centros concertados utilizarán a canle de comunicación que, de acordo aos seus protocolos, veñan utilizando coas familias, ademais da publicación da nova na web do centro.

b. O profesorado habilitará na aula virtual do centro os recursos e as actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente para o alumando menor idade, a través da aplicación abalarMóbil ou a través da aula virtual. Para calquera dúbida ou consulta sobre a comunicación coas familias a través de abalarMóbil ou da aula virtual pode contactar coa asesoría Abalar de zona. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto, a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros. Os centros concertados adaptarán estas instrucións aos seus recursos de comunicación e docencia on-line, de acordo co seu propio plan de continxencia.

13. Durante o peche ou confinamento o profesorado continuará co seu labor docente de acordo co previsto no apartado 30 do Protocolo de Adaptación ao Contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 (Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións) e no apartado 3 das *Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato* (Programacións didácticas).

14. A atención ao alumnado que deba permanecer en illamento, mesmo cando non se produza o peche ou confinamento da aula ou centro, responderá ao previsto con carácter xeral no artigo 25 do Decreto 229/2011, *do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos*

que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación así como no apartado 3 do Protocolo de atención educativa domiciliaria.

15. A actividade educativa durante o peche ou confinamento estará sometida aos principios xerais de inspección educativa previstos no Decreto 99/2004, do 21 de maio, polo que se regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa e o acceso ao corpo de inspectores de Educacion na Comunidade Autonoma de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento, especialmente no relativo ao previsto nas alíneas a), b) c) e d) do Artigo 6, podendo requirir acceso aos servizos de auditoría e rexistro das citadas ferramentas de acordo co previsto nesta normativa.

16. Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado para o cal se disporán os recursos organizativos e didácticos necesarios que, con carácter individualizado, respondan ás súas necesidades, con especial atención ás adaptacións curriculares e aos protocolos de atención á diversidade, de ser o caso.

17. A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise de acordo co seguinte protocolo:

a. O mesmo día da corentena ou do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro. Esta primeira intervención poderá ser apoiada polos CFR baixo a coordinación da xefatura territorial.

b. Unha vez atendidas as necesidades iniciais as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia por correo electrónica á inspección educativa as necesidades priorizadas de equipos que quedaran sen cubrir. A inspección dará traslado destas necesidades aos servizos centrais para facilitar a súa cobertura inmediata.

c. Adoptaranse criterios unificados que dependerán da extensión e alcance do peche e, polo tanto, das necesidades en cada momento. Os equipamentos entregaranse ao

centro educativo que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.

d. Todas as familias que reciban equipamento público deberán asinar un compromiso de cesión responsabilizándose do dito material segundo o modelo que se atopa dispoñible como Anexo II e que se atopa dispoñible no portal educativo. Aos efectos de axilizar o proceso ante un posible peche as direccións dos centros educativos recadarán de inmediato os documentos de cesión de equipamento debidamente asinados polas familias que puideran precisar este equipamento. Chegado o eventual peche darán traslado dos documentos de cesión asinados para a recepción do equipamentos correspondentes.

e. O material solicitado aos servizos centrais será repartido coa máxima celeridade por AMTEGA.

f. Unha vez superada a situación de confinamento ou peche o centro educativo, no prazo máximo de 3 días deberá recompilar todos os equipos cedidos para ser logo recollidos por AMTEGA.

g. Cando foran repartidos todos os equipamentos necesarios e dispoñibles ás familias, organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias, no que se fará un repaso polo funcionamento da aula virtual e se resolverán dúbidas das familias. Para preparar esta reunión poderá contarse co apoio do CFR ou a asesoría Abalar. Farase unha reunión diferenciada para o alumnado de 2o EP e cursos inferiores, dado que a súa atención non se basea na aula virtual. Terase en conta a capacidade máxima de participantes nas aplicacións aportadas pola Consellería para videoconferencias e, polo tanto, realizaranse tantas convocatorias como sexan necesarias.

Por todo isto, baseándonos nas actuacións que marca o Plan de Continxencia ante o peche de aulas ou centros educativos, neste apartado recolleremos as actuacións que levaremos a cabo no noso centro educativo.

En **liñas xerais** informamos que:

- ◆ O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da Aula Virtual de cada grupo.
- ◆ O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles, xa sexa o libro de texto, os achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o profesorado poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- ◆ Equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- ◆ Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- ◆ Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:
 - a) *Dotación de contidos á aula virtual do centro para poder continuar coa formación a distancia.*
 - b) *Realización de videoconferencias co alumnado a través da plataforma Cisco Webex, de xeito que non se perda o contacto habitual cos docentes, para poder facer explicacións de xeito virtual, solucionar as dúbidas que poidan xurdir e realizar e corregir as actividades propostas.*

O alumnado desenvolverá un **horario similar ao do ensino presencial**, o chamado “**horario espello**”, empregando as ferramentas de comunicación mencionadas e da aula virtual.

Os **horarios espello** de cada aula quedan recollidos no **ANEXO I: Plan de Ensino Virtual** deste Plan de Continxencia.

c) *Realización de titorías vía telefónica para manter informadas ás familias de todo o proceso de ensino-aprendizaxe referente aos seus fillos e fillas. 2*

1. O ensino non presencial:

Dado a situación que nos podemos atopar, debemos establecer as medidas preventivas en canto a funcionamento e coñecemento da aula virtual (profesorado, alumnado e familias) mentres estemos no colexio para que despois sexa unha continuidade do traballo a facer. Tomaremos as seguintes medidas:

- PROFESORADO.

 - En previsión de que podamos chegar a unha situación de ensinanza a distancia, debemos artellar mecanismos de traballo e coordinación durante o tempo que esteamos no colexio para que funcionen se temos que estar confinados. Para iso nunha aula os apoios os fará o titor/a do mesmo nivel e asignaremos un especialista a cada nivel para patios, saídas e axudar co funcionamento da aula virtual
 - Formación do profesorado na aula virtual do Ceip Vicente Risco (Cualedro), por medio do curso creado en moodle no que se atopan vídeos explicativos para crear e dotar de material a un curso, así como enviar e/ou correxir tarefas,.... Neste momento estase a facer actualización dese contido xa que a versión de moodle mudou a 3.3
 - O profesorado ten creados os cursos do seu nivel e a principios de setembro procederá a matricular ao alumnado. A través dos medios establecidos enviarase as familias o nome de usuario e contrasinal do seu fillo/a
 - No protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 na versión 04-11-2020 determinase, no punto 29.2, que as aulas virtuais estableceranse, polo menos a partir de 3º. Como centro tentaremos traballar cunha única plataforma e 1º e 2º tamén vai a

empregar as aulas virtuais, no caso de ter que suspender as clases. Somos conscientes, neste caso, da implicación que deben ter as familias e por iso nas reunións de principio de curso se lles dará unhas orientacións xerais sobre o seu funcionamento, indicaráselle no lugar da páxina web onde hai vídeos explicativos e/ou manuais sobre o seu funcionamento e resolveranse as dúbidas que vaian xurdindo por vía telefónica e/ou videoconferencia. Este tipo de axuda é extensible a todas as familias e o levarían a cabo os titores/as de nivel

- Durante o mes de setembro o profesorado vai ir familiarizando ao alumnado co manexo das aulas virtuais. Para iso, e tal como se establece no protocolo de actuación, empregárase a aula de informática nas horas de apoio para que vaia a metade da clase e tomas as medidas de prevención e hixiene establecidas en dito protocolo para as aulas.

• ALUMNADO. _____

- Alumnado de Educación Infantil: habilitaranse fórmulas de comunicación como foros ou videochamadas para manter contacto coas familias e, de ser posible, fornecer contidos educativos para este tipo de alumnado.

- Alumnado de 1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º traballará coa aula virtual do centro, no caso dun posible confinamento parcial ou total.

- Durante o mes de setembro se lles asignara o usuario e contrasinal e familiarízase co manexo da mesma en aspectos como: acceso a plataforma, ver as súas materias, visualizar o traballo, significado de cada un dos materiais colgados, como se referencia unha tarefa, como sabe que está correxida, mensaxes,....

• FAMILIAS. _____

- Cursos de formación en aulas virtuais:

♣ *Vídeos e/ou manuais colgadas na web do colexio nun apartado específico para a aula virtual*

♣ *Resolución de dúbidas vía telefónica, axenda, e/ou videoconferencia.*

- Nas reunións iniciais de nivel (preferentemente por videoconferencia), ver plan de adaptación.

2. Identificación das dificultades de conexión.

A directora trasladará aos titores/as unha folla de rexistro para cotexar que ten dificultades de conexión a internet e/ou falta de equipamento. Para recoller esa información, empregaremos os seguintes medios:

- Nas reunións iniciais de nivel. Ver como se establecen e as normas de prevención e hixiene no plan de activación .
- Mediante notas na axenda.
- Chamadas de teléfono.

Unha vez obtidos esos datos, darase traslado a Consellería do alumnado que ten carencia nos aspectos anteriormente sinalados. A identificación das carencias tanto nos recursos coma na conexión no fogar faise co fin de que o propio centro ou a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación por medios telemáticos.

3. Períodos de avaliación.

Para cada caso concreto de suspensión a actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión. Polo tanto, no caso de producirse, poñeremos na práctica as medidas que nos determinen

4. Medidas durante a suspensión da actividade lectiva.

- Ante unha situación de suspensión temporal e/o definitiva das clases presenciais a coordinación entre o profesorado e fundamental e seguiremos a facer a que levamos dende o principio de curso, o que permitirá:

- Garantir unha canle de comunicación entre profesorado, alumnado e familias utilizando, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos:

❖ Aula virtual

❖ Páxina Web

❖ Cisco Webex

❖ Correo electrónico.

❖ Vía telefónica / whatsapp

- Planificar un calendario de actividades en función do horario de materias establecido.

- Deseñar un horario Cisco Webex para garantir clases telemáticas en todas as áreas.

- Establecer una metodoloxía de traballo entre o equipo docente de cada grupo para atender ao alumnado de forma coordinada nos aspectos educativos e emocionais.

- Asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

- Realizar, se fose preciso, axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas da actividade lectiva non presencial.

- Determinar as tarefas a realizar polo alumnado garantindo a adquisición das aprendizaxes básicas e a avaliación continua.

- Seguir planificando actividades de investigación e traballo por proxectos. Iste é un aspecto moi importante, debemos espertar a súa curiosidade, interese e sorpresa por saber que tarefa lles espera hoxe.

- O departamento de orientación xunto coa titora determinará un plan de actuación específico para o alumnado co que estaban a traballar; sendo as que van a supervisar e correxir as tarefas.

- O profesorado especialista asignado as aulas encargáranse de levar un control do alumnado que entra na aula virtual e poñerse en contacto coas familias e prestar o asesoramento necesario.
 - O equipo de nivel xunto co departamento de orientación deseñara unhas estratexias para traballar o aspecto emocional, mentres teñan que seguir a ensinanza dende a casa.
- Profesorado:
- Seguir a traballar en coordinación por nivel para planificación axustada de tarefas e tempo.
 - Reunións semanais para planificar tarefas e valoración das propostas para introducir as modificacións necesarias.
 - Distribución do traballo entre todos/as para que non vaia todo ao titor/a.
 - Titorías telefónicas para o cal se distribúen o alumnado entre o profesorado que está asignado a ese nivel.

4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases par ao reinicio da actividade lectiva, tal é como se recolle no plan de adaptación a situación COVID do CEIP Vicente Risco. As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada fase. O modelo a aplicar correspóndelle a Consellería de Educación co asesoramento da Consellería.

Tendo en conta a premisa anterior tomaremos como base as fases de reincorporación que veñen determinadas no anexo VI do plan de adaptación e que se concreta da seguinte maneira.

FASE 1: ADECUACIÓN DOS ESPAZOS.

- **DURACIÓN:** *aproximada de 1 semana.*

Será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.

- **OBXECTIVOS:**

- Analizar a situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuar a distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de 1,5 metro entre eles.
- Redefinir os circuitos de circulación interna.
- Reorganizar as quendas de recreo para que se realicen de forma graduada.
- Reorganización as quendas para o horario da comida.

FASE 2: FORMACIÓN DE PEQUENOS GRUPOS.

- **DURACIÓN:** *1 semana.*

Determinación da porcentaxe de alumnado na aula de forma simultánea: 30%

- **OBXECTIVOS:**

- Formar ao alumnado sobre a importancia do distanciamento físico, uso de máscara e hixiene de mans.
- Definir uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase (respectar as normas de distanciamento, uso correcto das máscaras, correcta hixiene de mans, desprazamento adecuado polos corredores,...)
- Respectar os espazos e a circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia do SARS-CoV-2.

FASE 3: REFORZO DAS MEDIDAS APRENDIDAS EN PEQUENOS GRUPOS.

- **DURACIÓN:** 1 semana.

Porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea: 60%

- **OBXECTIVOS:**

- Establecer criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuar das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos/as.

FASE 4: FASE DE REACTIVACIÓN.

- **DURACIÓN:** 1 semana.

Retorno á actividade presencial da totalidade do alumnado.

Porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea: 100%

- **OBXECTIVOS:**

- Reforzar e fomentar dos hábitos aprendidos.
- Recolocar en puntos estratéxicos a cartelería de xeito que o alumnado perciba unha información visual clara.
 - Volver a realizar por grupos de convivencia estables os períodos de recreo e comedor.

PLAN ENSINO VIRTUAL

*CEIP VICENTE RISCO
(CUALEDRO)*



CURSO 2020/21

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.
2. CONTEXTO.
3. OBXECTIVOS E FINALIDADES.
4. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.
5. ACTUACIÓNS ANTE O PECHE OU CONFINAMENTO.
 - a. Procedemento de xestión de equipamento para alumnado en situación de fenda dixital.
6. CONTROL DA AVALIACIÓN E ASISTENCIA.
7. FORMACIÓN E INFORMACIÓN PARA O ENSINO A DISTANCIA.
8. DIFUSIÓN DO PLAN.

1. INTRODUCCIÓN

A crise sanitaria da covid-19 sitúa ao conxunto da comunidade educativa ante un inédito marco de actuación, con diferentes escenarios aos que cómpre darlle solución desde as administracións públicas co obxectivo de **blindar os valores que caracterizan o noso sistema educativo, a calidade e a equidade**.

Coa finalidade de ofrecer un marco estable a alumnado, profesorado e familias no caso de corentenas ou confinamentos, a Xunta de Galicia impulsa **o Plan de ensino virtual ante a covid-19**, unha folla de ruta **elaborada en base a criterios pedagóxicos, didácticos e metodolóxicos** que permitirá continuar co proceso formativo do alumnado ante estas ou outras eventualidades derivadas da actual crise sanitaria.

2. CONTEXTO

En base ao protocolo xeral actual *“As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, cando menos, co alumnado de terceiro de Educación Primaria en diante e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería. O seu uso en primeiro e segundo de Educación Primaria quedará a discreción do centro educativo”*

“O centro elaborará un Plan de Continxencia, que será aprobado pola dirección do centro no que se establecerán as medidas en caso de suspensión da actividade lectiva, as medidas para facer efectivo o ensino a distancia e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria”

“O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición

a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma”

Neste sentido, o protocolo establece o ensino virtual como **recurso en caso de corentena ou confinamento total**.

O CEIP Vicente Risco recolle as medidas precisas **para desenvolver o ensino a distancia** no seu correspondente Plan de Continxencia.

O ensino non presencial **será impartido polo profesorado ordinario**, que tamén realizará o seguimento do alumnado.

3. OBXECTIVOS E FINALIDADES.

Dirixido a

O CEIP Vicente Risco establece no seu Plan de Continxencia que o **alumnado de 1º a 6º de Educación Primaria** no caso de illamento, confinamento parcial ou total do centro seguirá coas súas clases a través das videochamadas, aula virtual e páxina web.

Obxectivo

Proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos totais ou parciais unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- A interacción entre alumnado e profesor
- A realización de tarefas
- A avaliación do progreso

Principais medidas

Desenvolvemento dun **horario similar ao do ensino presencial**, o chamado “**horario espello**”, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais

Instrucións a seguir no caso de peche ou confinamento
Distribución de medios informáticos en función das necesidades do alumnado Posta en

marcha de **mecanismos de avaliación e control** do alumnado **Formación e información** para o ensino a distancia

4. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

As medidas necesarias para garantir a continuidade do proceso educativo:

- Elaboración un horario para o ensino a distancia, o “horario espello” de cada un dos cursos.
- Realización de simulacións que permitan ter establecidos os protocolos de actuación no caso de peche.
- Análise das necesidades de dispositivos electrónicos derivadas dunha hipotética situación de peche en coordinación coa Inspección Educativa.
- Formación do profesorado que o precise nesta materia, o cal recibirá de xeito inmediato unha formación por parte dos servizos da Rede de Formación Permanente do profesorado.

5. ACTUACIÓNS ANTE O PECHE OU CONFINAMENTO

O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través da aplicación abalarMóbil e Whatsapp e publicará unha nova na web do centro.

Ademais, habilitará na aula virtual do centro os recursos e actividades iniciais e trasladará orientación ás familias, especialmente ao alumnado de menor idade, a través da aula virtual.

----- ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA -----

Pasos e Normas a seguir

1. A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles.

- **Plataforma de videoconferencia institucional** que permite a interacción en tempo real, compartir contidos e a realización de exercicios.
- **Aula virtual:** espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos das unidades didácticas.

Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia no seu centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

2. O profesorado e o alumnado do grupo **deberán conectarse** á hora que se establece no cadro horario. O momento da conexión debe establecerse coa **antelación suficiente** para o aproveitamento do período lectivo.
3. **As tarefas para o alumado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial**, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.
4. Para levar a cabo a videochamada o alumnado deberá cumprir as seguintes normas:
 - *Conectarse coa antelación de 3-4 minutos da hora establecida.*
 - *Portar roupa axeitada.*
 - *Estar nunha sala cunha mesa na que apoiar o libro, libreta e estoxo.*
 - *Non poderá haber persoas ou animais que dificulten as escoitas.*

Horarios Espello

A dirección do centro elaborou e aprobou un “**horario espello**” para a docencia a distancia, de obrigado cumprimento para alumnos e profesores e referencia para as familias, que deberá establecer un proceso formativo similar ao do ensino presencial, avanzando nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos.

Este horario ten como obxectivo continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, co desenvolvemento dun ensino a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado.

Que características debe ter?

- Será un **horario semellante** ao que se desenvolve en réxime de presencialidade.
- Deberá respectarse a carga lectiva de cara área. Esta repartirase de xeito que, como mínimo, o 60% do tempo se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas a realizar por parte do alumnado.
- Tras ser aprobado provisionalmente pola dirección do centro será remitido á Inspección Educativa para a súa supervisión e autorización definitiva.

Onde se poderá consultar?

Os horarios formarán parte do Plan de Continxencia, serán comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias a través do titor do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a súa difusión.

----- HORARIOS ESPELLO DO CEIP VICENTE RISCO. -----

Durante a actividade non presencial que xurdiu durante o confinamento nos meses de marzo a xuño de 2020 os docentes e alumnos do CEIP Vicente Risco seguiron en contacto diario por medio das videochamadas a través de CiscoWebex.

A dirección do centro tomou a experiencia pasada como referencia para elaborar nas mellores condicións os horarios espello. Por iso establece que, para evitar estar conectándose e desconectándose ao longo das distintas sesións (o que suporía gran perda de tempo), **o alumnado deberá cumprir entre o 60% - 100%** (*dependendo da materia*) das horas semanais de cada materia de xeito presencial a través da videochamada e **o porcentaxe restante será destinado á realización de tarefas por parte do alumnado.**

Quedando repartido a **porcentaxe** do seguinte xeito:

MATERIA	HORAS SEMANAIS POR VIDEOCONFERENCIA	HORAS SEMANAIS DESTINADAS A TAREFAS
CIENCIAS DA NATUREZA	1 hora 30 min = 75%	30 min = 25%
CIENCIAS SOCIAIS	1º - 3º - 6º EP = 2h = 67%	1h = 33%
	2º - 4º - 5º EP = 1h 30 min= 75%	30 min = 25%
MATEMÁTICAS	1º-2º- 4º-5º- 6º EP = 4 h = 80%	45 min = 20%
	3º EP = 3 h 25min = 80%	45 min = 20%
LINGUA CASTELÁ	2 horas 40 min = 78%	45 min = 22 %
LINGUA GALEGA	1-2-3-4º-5º EP = 2 h 40 min = 78%	45 min = 22 %
	6º EP = 1 h 45 min = 70%	45 min = 30 %
INGLÉS	1º - 2º EP = 1h 30 min= 75%	30 min = 25%
	3º- 4º-5º- 6º EP = 2h 30 min = 80%	30 min = 20%
EDUCACIÓN FÍSICA	1 hora (60%)	45 min (40%)
MÚSICA	1 hora (100%)	----
PLÁSTICA	1 hora (100%)	-----
RELIXIÓN	1º-3º-4º-5º-6º EP 1 hora (100%)	----
	2º EP= 1h 25 min= 75%	30 min= 25%

Lectura de cores nos horarios

	Videochamada		Traballo individual		Sesión mixta
--	--------------	--	---------------------	--	--------------

Tomando estas táboas como referencia os horarios espello quedan do seguinte xeito:

HORARIO 1º CURSO					
	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 – 10:00	(Traballo Individual 9:00- 9:30) C. DA NATUREZA (Videochamada 9:30-10:00)	CIENCIAS SOCIAIS (Videochamada)	CIENCIAS SOCIAIS (Traballo Individual)	C. DA NATUREZA (Videochamada)	C. SOCIAIS (Videochamada)
10:00 – 11:00	MATEMÁTICAS (Videochamada)	(Videochamada 10:00-10:30) INGLÉS (Traballo Individual 10:30- 11:00)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	INGLÉS (Videochamada)
11:00 – 11:30	RECREO (Tempo de lecer)				
11:30 -12:25	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	RELIXIÓN (Videochamada)	MÚSICA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
12:25 -13:15	EDUCACIÓN FÍSICA (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
13:15 -14:15	COMEDOR (Tempo para comer)				
14:15 -15:00	PLÁSTICA (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Traballo Individual)	LINGUA CASTELÁ (Traballo Individual)	LINGUA GALEGA (Traballo Individual)	ED. FÍSICA (Traballo Individual)

HORARIO 2º CURSO

PLAN DE CONTINXENCIA CEIP VICENTE RISCO (CUALEDRO) 2020/2021.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 – 10:00	(Traballo Individual 9:00- 9:30) C. DA NATUREZA (Videochamada 9:30-10:00)	(Traballo Individual 9:00- 9:30) RELIXIÓN (Videochamada 9:30-10:00)	(Traballo Individual 9:00- 9:30) CIENCIAS SOCIAIS (Videochamada 9:30-10:00)	C. DA NATUREZA (Videochamada)	C. SOCIAIS (Videochamada)
10:00 – 11:00	MATEMÁTICAS (Videochamada)	(Videochamada 10:00-10:30) INGLÉS (Traballo Individual 10:30- 11:00)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	INGLÉS (Videochamada)
11:00 – 11:30	RECREO (Tempo de lecer)				
11:30 – 12:25	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	RELIXIÓN (Videochamada)	MÚSICA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
12:25 – 13:15	EDUCACIÓN FÍSICA (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
13:15 – 14:15	COMEDOR (Tempo para comer)				
14:15 – 15:00	PLÁSTICA (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Traballo Individual)	LINGUA CASTELÁ (Traballo Individual)	LINGUA GALEGA (Traballo Individual)	ED. FÍSICA (Traballo Individual)

HORARIO 3º CURSO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
--	------	--------	----------	-------	--------

PLAN DE CONTINXENCIA CEIP VICENTE RISCO (CUALEDRO) 2020/2021.

09:00 – 10:00	(Traballo Individual 9:00- 9:30) C. DA NATUREZA (Videochamada 9:30-10:00)	CIENCIAS SOCIAIS (Videochamada)	CIENCIAS SOCIAIS (Traballo Individual)	C. DA NATUREZA (Videochamada)	C. SOCIAIS (Videochamada)
10:00 – 11:00	INGLÉS (Videochamada)	(Videochamada 10:00-10:30) INGLÉS (Traballo Individual 10:30- 11:00)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	INGLÉS (Videochamada)
11:00 – 11:30	RECREO (Tempo de lecer)				
11:30 -12:25	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	RELIXIÓN (Videochamada)	MÚSICA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
12:25 -13:15	EDUCACIÓN FÍSICA (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
13:15 -14:15	COMEDOR (Tempo para comer)				
14:15 -15:00	PLÁSTICA (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Traballo Individual)	LINGUA CASTELÁ (Traballo Individual)	LINGUA GALEGA (Traballo Individual)	ED. FÍSICA (Traballo Individual)

HORARIO 4º CURSO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
--	-------------	---------------	-----------------	--------------	---------------

PLAN DE CONTINXENCIA CEIP VICENTE RISCO (CUALEDRO) 2020/2021.

09:00 - 10:00	(Traballo Individual 9:00- 9:30) C. DA NATUREZA (Videochamada 9:30-10:00)	Traballo Individual 9:00- 9:30) INGLÉS (Videochamada 9:30-10:00)	(Traballo Individual 9:00- 9:30) CIENCIAS SOCIAIS (Videochamada 9:30-10:00)	C. DA NATUREZA (Videochamada)	C. SOCIAIS (Videochamada)
10:00 - 11:00	MATEMÁTICAS (Videochamada)	RELIXIÓN (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	ED.FÍSICA (Videochamada)
11:00- 11:30	RECREO (Tempo de lecer)				
11:30 -12:25	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	MÚSICA (Videochamada)	INGLÉS (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
12:25 -13:15	INGLÉS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
13:15 -14:15	COMEDOR (Tempo para comer)				
14:15 -15:00	ED. FÍSICA (Traballo Individual)	MATEMÁTICAS (Traballo Individual)	LINGUA CASTELÁ (Traballo Individual)	LINGUA GALEGA (Traballo Individual)	PLÁSTICA (Videochamada)

HORARIO 5º CURSO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
--	-------------	---------------	-----------------	--------------	---------------

PLAN DE CONTINXENCIA CEIP VICENTE RISCO (CUALEDRO) 2020/2021.

09:00 - 10:00	(Traballo Individual 9:00- 9:30) C. DA NATUREZA (Videochamada 9:30-10:00)	Traballo Individual 9:00- 9:30) INGLÉS (Videochamada 9:30-10:00)	(Traballo Individual 9:00- 9:30) CIENCIAS SOCIAIS (Videochamada 9:30-10:00)	C. DA NATUREZA (Videochamada)	C. SOCIAIS (Videochamada)
10:00 - 11:00	MATEMÁTICAS (Videochamada)	RELIXIÓN (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	ED.FÍSICA (Videochamada)
11:00- 11:30	RECREO (Tempo de lecer)				
11:30 -12:25	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	MÚSICA (Videochamada)	INGLÉS (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
12:25 -13:15	INGLÉS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
13:15 -14:15	COMEDOR (Tempo para comer)				
14:15 -15:00	ED. FÍSICA (Traballo Individual)	MATEMÁTICAS (Traballo Individual)	LINGUA CASTELÁ (Traballo Individual)	LINGUA GALEGA (Traballo Individual)	PLÁSTICA (Videochamada)

HORARIO 6º CURSO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
--	-------------	---------------	-----------------	--------------	---------------

09:00 - 10:00	(Traballo Individual 9:00- 9:30) C. DA NATUREZA (Videochamada 9:30-10:00)	Traballo Individual 9:00- 9:30) INGLÉS (Videochamada 9:30-10:00)	CIENCIAS SOCIAIS (Videochamada)	C. DA NATUREZA (Videochamada)	C. SOCIAIS (Videochamada)
10:00 - 11:00	MATEMÁTICAS (Videochamada)	RELIXIÓN (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	ED.FÍSICA (Videochamada)
11:00- 11:30	RECREO (Tempo de lecer)				
11:30 -12:25	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	MÚSICA (Videochamada)	INGLÉS (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)
12:25 -13:15	INGLÉS (Videochamada)	MATEMÁTICAS (Videochamada)	LINGUA GALEGA (Videochamada)	LINGUA CASTELÁ (Videochamada)	C. SOCIAIS (Traballo Individual)
13:15 -14:15	COMEDOR (Tempo para comer)				
14:15 -15:00	ED. FÍSICA (Traballo Individual)	MATEMÁTICAS (Traballo Individual)	LINGUA CASTELÁ (Traballo Individual)	LINGUA GALEGA (Traballo Individual)	PLÁSTICA (Videochamada)

Distribución de medios informáticos

A administración garantirá o dereito a educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado que o precise.

- O mesmo día do peche os equipos directivos afrontarán cos seus propios recursos tecnolóxicos, no caso de dispoñer deles, as necesidades TIC máis perentorias do centro.
- Unha vez atendidas as necesidades iniciais, as direccións dos centros trasladarán con carácter de urxencia á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir

A inspección trasladará á Amtega estas necesidades para a súa cobertura inmediata

- Os equipamentos entregaranse ao centro educativo, que será o responsable da organización da entrega ás familias e posterior recollida.
- O material será repartido coa maior celeridade e organizarase unha reunión virtual nun horario que facilite a asistencia das familias para abordar o funcionamento da aula virtual.
- Unha vez superada a situación de confinamento ou peche do centro, no prazo máximo de 3 días o propio centro deberá recoller todos os equipos cedidos para o seu traslado aos servizos centrais.

a. PROCEDEMENTO XESTIÓN DE EQUIPAMENTO PARA ALUMNADO EN SITUACIÓN DE FENDA DIXITAL.

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/32350>

Ante unha situación con alumnado en situación de confinamento ou corentena no seu domicilio (ben casos aillados de alumnado, ben a totalidade do alumnado dun grupo, ou a totalidade do alumnado do centro), o centro deberá identificar o alumnado que necesita un equipo e/ou a conexión a Internet, para poder seguir dende o seu domicilio a actividade educativa (dado que non dispón del no seu fogar, e non ten posibilidade de obtelo).

Unha vez identificados o alumnado que se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, o procedemento será o que sigue:

1. **O centro educativo** debe remitir un correo electrónico ao seu Inspector, con copia a dirección de correo do Xestor do equipamento para dita situación dispositivos.covid@edu.xunta.gal, co seguinte asunto "SOLICITUDE CESIÓN EQUIPAMENTO FENDA DIXITAL – COVID" indicando no corpo do correo os seguintes datos:

- *CODIGO DO CENTRO:*

- *NOME DO CENTRO:*
- *LOCALIDADE:*
- *CONCELLO:*
- *PROVINCIA:*
- *NOME, APELIDOS, ENSINANZA, NIVEL E GRUPO DE CADA UNO DOS ALUMNOS:*
- *DATA DE SOLICITUDE:*

2. **O inspector** validará a pertinencia da dita petición. Se fose preciso, pediranse as aclaracións necesarias ao centro educativo.

3. **A Unidade Loxística da AMTEGA** remitirá ao centro educativo o equipamento solicitado nun prazo de 1-2 días lectivos. Xunto co equipo acompañarase a seguinte documentación: Acordo de Cesión de Uso, Carta para as familias e as Instrucións para os centros xa precubertos.

4. **O centro**, entregará no prazo máis breve posible, dito equipamento xunto coa carta ás familias, segundo as instrucións que acompañan ao equipamento, e recollerá o Acordo de Cesión debidamente cumplimentado e asinado pola persoa da familia que recolla o equipo (acordo que deberá custodiar durante o curso escolar).

5. **Unha vez finalizado o periodo** no que o alumnado se atope en confinamento ou corentena, o alumnado ou a súa familia deberá devolver todo o equipamento entregado ao centro educativo nun prazo non superior a 3 días lectivos dende a **incorporación do alumnado ao** centro. O centro deberá garantir que se reciba todos os elementos do equipamento entregado en perfecto estado, e recollerá no documento do acordo a data da devolución. **No caso de que non se devolverá todo o equipamento, ou este non se devolvera en correcto estado, o centro deberá recoller no documento do acordo ditas circunstancias, indicando os elementos non devoltos, ou as incidencias sobre ditos elementos.**

6. Una vez recollidos os elementos, o centro remitirá un correo ao Xestor do equipamento para dita situación dispositivos.covid@edu.xunta.gal, co seguinte asunto "RETIRADA EQUIPAMENTO FENDA DIXITAL – COVID", achegando os documentos de cesión asinados polas familias debidamente dixitalizados e indicando no corpo do correo os seguintes datos:

- *CODIGO DO CENTRO:*
- *NOME DO CENTRO:*
- *LOCALIDADE:*
- *CONCELLO:*
- *PROVINCIA:*
- *NOME, APELIDOS, ENSINAZA, NIVEL E GRUPO DE CADA UNO DOS ALUMNOS:*
- *DATA DE SOLICITUDE DE RETIRADA:*

CONDICIÓN DA CESIÓN

1. Mediante este acordo a Xunta de Galicia cede o uso dun ordenador e dun kit de conexión composto por un router inalámbrico e unha tarxeta SIM, ao/a alumno/a cunha finalidade educativa para a realización de tarefas escolares durante o período de corentena ou confinamento domiciliario do alumno/a por indicacións sanitarias debido a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, coas condicións e normas recollidas neste documento. **Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional. Ademais non poderá cederse a terceiras persoas.**

2. O/a alumno/a e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. En caso de que se observe calquera desperfecto no equipo, deberá informar ao/á titor/a do curso e notificalo á Unidade de Atención a Centros (UAC) no menor prazo posible. Dado que se trata dunha ferramenta proporcionada pola Administración, o persoal técnico da Xunta de Galicia poderá requirir o ordenador para desenvolver actividades de administración ou mantemento.

3. O ordenador e o kit de conexión deberán ser entregados (**nas súas embalaxes orixinais**) no centro educativo á maior brevidade posible e sempre no prazo máximo de 3 días desde o retorno do/a alumno/a asista o centro escolar unha vez rematado o período de estancia domiciliaria do alumno/a.

4. Responsabilízome do correcto coidado e uso do ordenador e do kit de conexión, respondendo da perda deste ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria dos equipos e estean contempladas na súa garantía.

• INSTRUCCIÓNS ENTREGA DE EQUIPOS.

Debido a situación actual causada pola crise sanitaria da covid-19, a Xunta de Galicia ten en marcha o Plan de Ensino Virtual ante a Covid-19. No marco deste Plan pon a disposición das familias que o precisen, segundo a valoración dos centros educativos para cubrir a fenda dixital, dispositivos que contarán con conexión a Internet gratuíta co fin que todos os/as alumnos/as poidan continuar co seu proceso formativo durante o periodo que dure o seu confinamento ou corentena domiciliaria.

A dotación para o alumnado que o necesite é un pack indivisible, que se debe entregar completo a familia, formado por: equipo portátil e un kit de conexión composto por un router wifi inalámbrico e unha tarxeta SIM.

Achegase, xuntamente co equipamento referido no parágrafo anterior, o documento de cesión nominal para a firma.

Indicacións para entregar os equipos ás familias:

1. **O centro debe poñerse en contacto coa familia** destinataria para establecer unha canle segura para a entrega do equipamento e concertar data e hora para a entrega.
2. O equipamento é nominal e **cada bulto esta identificado por un número** que relaciona, entre si, cada un dos elementos a entregar a familia e os números de serie dos elementos co alumno/a beneficiario. Por exemplo: ao portátil rotulado co número 1501, correspóndelle

o kit de conexión 1501 e o DOCUMENTO DE CESIÓN 1501. Na acta de entrega do equipamento no centro ou no DOCUMENTO DE CESIÓN DE USO relacionase o número identificador de cada bulto co nome do alumno/a beneficiario.

3. **O DOCUMENTO DE CESIÓN DE USO debe ser asinado pola familia** no mesmo momento que o equipamento sexa entregado o alumno/a, e logo pasar a ser arquivado e custodiado polo centro. No caso que a familia o requira pode entregarse unha copia do mesmo.

4. No momento da recollida do equipamento empregárase o mesmo DOCUMENTO DE CESIÓN DE USO. **No caso de que non se devolverá todo o equipamento, ou este non se devolvera en correcto estado, o centro deberá recoller no documento do acordo ditas circunstancias, indicando os elementos non devoltos, ou as incidencias sobre ditos elementos.** Lembrese que **o as familias están obrigadas a entregar o equipamento no centro á maior brevidade posible e sempre no prazo máximo de tres días** desde a reincorporación do/a alumno/a ao centro escolar logo de rematar o período de peche, confinamento ou corentena domiciliaria.

5. Una vez que o equipamento é devolto ao centro pola familia, o centro debe remitir a dixitalización do DOCUMENTO DE CESIÓN DE USO correctamente cuberto e asinado, coas observacións sobre a recollida que foran pertinentes, ao correo dispositivos.covid@edu.xunta.gal, facendo constar no corpo do correo os datos requiridos nas instrucións xerais. Así o persoal técnico procederá á recollida do equipamento para a súa revisión e posterior uso por outro/a alumno/a que o necesite.

- [MODELO DE ACTA ENTREGA DE EQUIPOS AO CENTRO.](#) _____
- [MODELO DE ACORDO DE CESIÓN EQUIPO ALUMNADO.](#) _____

6. CONTROL DA AVALIACIÓN E ASISTENCIA

O titor ou titora de cada alumno informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado menor de idade e ao alumnado maior de idade das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

Control de asistencia:

Establecerase diariamente polo profesor mediante as ferramentas habituais.

Control da avaliación:

A avaliación é un aspecto fundamental dentro do proceso de ensino-aprendizaxe, durante a vixencia do ensino virtual empregaranse as seguintes técnicas para esta fin.

- Probas orais.
- Probas de avaliación elaboradas na aula virtual.
- Presentación de traballos.
- Traballo individual.
- Aquelas outras medidas obxectivables que establezan os equipos de cada nivel, que deberán ser publicadas na páxina web do centro.

Ademáis, a dirección do centro requirirá **ao final de cada semana**, unha **relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado** no horario establecido, de acordo co **modelo** que se achega o **Anexo 1** da [Resolución da SXEFP sobre horarios e ensino virtual ante a Covid-19](#).

CENTRO:					
DOCENTE:					
GRUPO:		SEMANA:			
DATA	HORARIO	MATERIA	DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE	INCIDENCIAS TÉCNICAS	PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO
		<i>Materia</i>	<i>Descrición da actividade</i>	<i>se as houbera</i>	<i>Ausencias/participación do alumnado</i>

O orientador do centro velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais. Na distribución horaria establecerase unha sesión de titoría para o alumnado e outra para as familias.

7. FORMACIÓN E INFORMACIÓN PARA O ENSINO A DISTANCIA.

No referente á formación imos centrarnos nos tres axentes que formamos a comunidade educativa: profesorado, alumnado e familias.

Profesorado:

Coa finalidade de poñerse ao día no manexo da aula virtual, todo o profesorado do centro recibiu dous cursos de formación a través do CFR de Verín.

Alumnado:

Para poder garantir que todo o alumnado do centro coñeza as aplicacións que se van empregar no ensino virtual, todo o profesorado está a facer prácticas semanais de manexo das mesmas, para o que se emprega a pizarra dixital e ordenadores de cada aula.

Familias:

Cando sexan repartidos todos os equipamentos necesarios, o profesorado titor de cada grupo organizará unha reunión virtual coas familias en horario de 15:00 a 16:00 horas para abordar o funcionamento da aula virtual.

9. DIFUSIÓN DO PLAN.

O **“Plan de ensino virtual”** incluírase no Plan de Continxencia do centro, este é un documento público que estará a disposición das autoridades sanitarias e educativas e poderá ser consultado por calquera membro da comunidade educativa.

Enviaráselle ás familias por medio de Whatsapp por ser a app que dominan todas as familias e resulta un medio directo para intercambiar información.

Ademáis, será colgado na paxina web do centro nun espazo que se habilitará para información relacionada coa COVID-19.